

ORIENTACIÓNS/RECOMENDACIÓNS

1. HAI QUE FACER UNHA "REDACCIÓN" NA QUE SE EXPLIQUE O TEMA A TRATAR. **UN COMENTARIO DE TEXTO/TÁBOA TEN COMO OBXECTIVO EXPLICAR UNHA REALIDADE HISTÓRICA PARTINDO DO DOCUMENTO E DA INFORMACIÓN QUE O ACOMPAÑA. UN COMENTARIO NON TEN COMO OBXECTIVO RESPONDER A UNHA HIPOTÉTICA PREGUNTA TEÓRICA.**
2. O DOCUMENTO INDICA CALES SON OS PUNTOS PRINCIPAIS (E MÍNIMOS) QUE HAI QUE TRATAR.
3. NA REDACCIÓN HAI QUE FACER REFERENCIA AO DOCUMENTO, **(HAI QUE DESENVOLVER UN FÍO ARGUMENTAL QUE PERMITA RELACIONAR O DOCUMENTO COS CONTIDOS TEÓRICOS COS QUE TEÑA RELACIÓNS, PERO SEN CAER NOS SEGUINTE ERROS:**
 - RESUMIR O DOCUMENTO.
 - VOLVER A ESCRIBIR O DOCUMENTO COAS MESMAS OU PARECIDAS PALABRAS.
 - AS CITAS: TEÑEN QUE IR ENTRECORNILLADAS E DEBEN SER O MÁIS CURTAS POSIBLES (QUE SIRVAN PARA REAFIRMAR O QUE ESTOU DICINDO SOBRE O TEMA)
4. A REDACCIÓN DEBE **SER CLARA, CO VOCABULARIO CORRECTO**, DANDO O MAIOR NÚMERO DE DATOS HISTÓRICOS NECESARIOS.
5. O MELLOR É SEGUIR UN **GUIÓN EXPOSITIVO QUE TEÑA UN ORDE LÓXICO, E SE PODE SER CRONOLÓXICO**, DESDE O PUNTO DE VISTA HISTÓRICO. É DICIR SINALAR OS PUNTOS PRINCIPAIS QUE VOU TRATAR PARA EVITAR QUE SE ME ESQUEZA ALGÚN. HAI QUE EVITAR IR SALTANDO DUNHA PARTE DA REDACCIÓN A OUTRA SEN NINGÚN TIPO DE SENTIDO LÓXICO.
6. NON EMPREGAR A PRIMEIRA PERSOA. O COMENTARIO PERDE OBXECTIVIDADE.
7. EVITAR DAR OPINIÓNS PERSOAIS E XUÍZOS DE VALOR.
8. NON SE DEBE FACER: ENUMERACIÓNS DESPOIS DE DOUS PUNTOS E APARTE, NUNCA LETRAS, NIN PUNTOS NIN NÚMEROS NESTAS ENUMERACIÓNS, HAI CONCEPTOS QUE ENUMERAR PERO SEMPRE DOUS PUNTOS E SEGUIDO, POR EXEMPLO, SE QUEREMOS DICIR AS ETAPAS DO REINADO DE FERNANDO VII SON: SEXENIO ABSOLUTISTA (1814-1820), TRIENIO LIBERAL (1820-1823) E DÉCADA OMINOSA (1823-1833)...
9. SE POR UN DESPISTE HAI QUE VOLTAR ATRÁS CRONOLÓXICAMENTE NA REDACCIÓN, SEMPRE XUSTIFICALO OU RETOMALO, NON COMEZAR UN PARÁGRAFO NOVO SEN SENTIDO CO ANTERIOR. POR EXEMPLO "RETOMANDO ESTE ASPECTO ..."
10. O ULTIMO PARÁGRAFO TEN QUE SER COMO UNHA CONCLUSIÓN, ONDE A REDACCIÓN QUEDE PECHADA E NON DEA PÉ A MÁIS INFORMACIÓN, POR EXEMPLO, NUN COMENTARIO DE TEXTO DA DERRADEIRA ETAPA DE FERNANDO VII HABERÍA QUE FALAR QUE COA ANULACIÓN DA LEI SÁLICA, Á MORTE DE FERNANDO CRÉASE UN CONFLITO CO SEU IRMÁN CARLOS, QUE PRETENDÍA O TRONO, OS ABSOLUTISTAS VAN APOIAR A CARLOS POLO QUE A RAÍÑA REXENTE TEN QUE APOIARSE NOS LIBERAIS PARA PODER CONSERVAR O TRONO PARA A SÚA FILLA, O QUE DARÁ LUGAR A ENFRONTAMENTOS--PRIMEIRA GUERRA CARLISTA-.